

## **CIRCULAR INFORMATIVA**

### **Curso 2014-2015**

Estimados profesores/-as:

O grupo de traballo de "Latín II" considera oportuno seguir mantendo para o curso 2014-2015 o mesmo programa, o mesmo modelo de exame e os mesmos criterios de avaliación dos últimos cursos. A única pequena modificación é, como vén sendo habitual, a relativa ás lecturas de Plauto no apartado 4.d).e), para adaptalas ao programa previsto no "Festival de teatro grecolatino de Lugo-Ourense 2015".

#### **1º) PROGRAMA:**

- 1.- TRADUCIÓN: Eutropio e Fedro.
- 2.- GRAMÁTICA: análise morfolóxica e sintáctica sobre o texto proposto para tradución.
- 3.- LITERATURA: a) Historiografía. Livio; b) Oratoria. Cicerón; c) Épica. Virxilio; d) Lírica. Horacio; e) Teatro. Plauto.
- 4.- MUNDO CLÁSICO: a) aforismos e frases; b) topónimos; c) composición e derivación; d) lecturas dos seguintes textos:
  - a) Historiografía: Livio, I, 56, 4-60.
  - b) Oratoria: Tácito, "Agrícola", 29-38.
  - c) Épica: Ovidio, "Metamorfoses", I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.
  - d) Lírica: Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.
  - e) Teatro: Plauto, "Cistellaria" ou "Miles gloriosus". Esta lectura pode ser substituída pola película "Golfus de Roma".

#### **2º) ESTRUTURA DO EXAME E SISTEMA DE VALORACIÓN:**

- 1.- Traducción: ata 6 puntos. Opción "A": Eutropio; opción "B": Fedro
- 2.- Gramática: ata 1 punto.
- 3.- Literatura: ata 1,5 puntos; haberá que responder a unha das dúas preguntas que se propoñan.
- 4.- Mundo clásico: ata 1,5 puntos, 0,75 por cada pregunta; haberá unha pregunta relativa a cada un dos catro apartados desta sección e deberase responder a dúas delas.

Santiago de Compostela, setembro 2014